

ENCUNTROS VIRTUAIS

XUNTA - UE

Eleccións europeas 2024

Retos e oportunidades para os próximos cinco anos

Data	19 de xullo de 2024
Lugar	En liña
Organización	Fundación Galicia Europa
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ▪ Consellería de Medio Rural ▪ Consellería do Mar ▪ Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Relator	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Jesús Carmona, director de Medios na Dirección Xeral de Comunicación do Parlamento Europeo

Introducción

A directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, Ana Ramos, inaugurou a última reunión celebrada antes das vacacións de verán do ciclo 'Encontros virtuais Xunta-UE', o foro de debate entre o goberno galego e as institucións europeas que xa suma máis de 500 asistentes. **A sesión serviu para analizar o actual cambio de ciclo institucional da UE, iniciado tras as eleccións europeas levadas a cabo o pasado mes de xuño**, tanto dende a perspectiva comunitaria como da galega.

Para iso, contouse coa participación de Jesús Carmona, director de Medios na Dirección Xeral de Comunicación do Parlamento Europeo. **O relator explicou o esquema e prazos que seguirán as institucións europeas para a elección dos restantes altos cargos comunitarios**, despois de que Ursula von der Leyen fora reelixida na Eurocámara como presidenta da Comisión Europea.

Neste novo ciclo institucional, a Fundación Galicia Europa continuará a súa labor de defensa dos intereses galegos ante as institucións europeas, en tanto que representante da Xunta en Bruxelas. Co ánimo de ilustrar este feito, Ana Ramos presentou aquelas áreas da axenda europea que serán prioritarias para Galicia. Tal e como incidiu na súa intervención, será particularmente relevante a contribución galega ó debate sobre o futuro da política de cohesión e dos fondos estruturais no marco financeiro plurianual posterior ó 2027.

Resumo da reunión

Nas últimas eleccións europeas, que tiveron lugar entre o **6 e o 9 de xuño de 2024**, os cidadáns dos **27 Estados membros votaron co ánimo de renovar o Parlamento Europeo para os próximos cinco anos**. Dende 1979, vótase directamente ós membros do Parlamento Europeo (eurodeputados ou MEP, polas siglas en inglés), que son representantes dos partidos políticos nacionais. O número de eurodeputados é representativo da poboación dos Estados membros. A maioría dos partidos nacionais, ademais, están afiliados a grupos políticos de ámbito europeo.


Nesta décima lexislatura da Eurocámara (2024-2029), e tal e como era agardado, **o equilibrio de poder no Parlamento Europeo virou cara a dereita, mais ó mesmo tempo os partidos centristas lograron manter a súa maioría**. Os 720 eurodeputados elixidos desempeñarán un papel crucial como colexisladores na configuración da lexislación europea dos próximos anos.

1. Resultados das eleccións europeas

En 2023, as institucións europeas acordaron que, a partir de 2024, o Parlamento Europeo aumentaría o seus escaños: **o número total de eurodeputados na décima legislatura aumentou de 705 a 720.**

Parlamento Europeo 2024-2029

Sesión constitutiva



Fuente: Datos facilitados por Verian para el Parlamento Europeo




Tras importantes vitorias dos partidos de dereita nas eleccións nacionais, produciuse unha viraxe cara a dereita política nas eleccións europeas. Os partidos de extrema dereita en Estados membros como Alemaña, Francia, Países Baixos, Italia e Bélxica experimentaron aumentos substanciais no seu apoio, converténdose na primeira ou segunda forza política do país. Como resultado, **a extrema dereita convértese na terceira forza política no Parlamento Europeo e xorden novos grupos políticos desta tendencia. Isto representa 187 escaños**, aglutinados nos seguintes grupos: *Patriots for Europe* [v.g. *Rassemblement National-RN* (FR), *Fidesz* (HU), *VOX* (ES)], *Europe of Sovereign Nations* [(v.g. *Alternative für Deutschland-AfD* (DE)), e o Grupo dos Conservadores e Reformistas Europeos [(v.g. *Fratelli d'Italia* (IT)), que xa existía na legislatura anterior.

Ó mesmo tempo, o Grupo do Partido Popular Europeo (centro-dereita), o Grupo da Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas (centro-esquerda), e o Grupo *Renew Europe* (liberal), que regulamente **forman maiorías e aprobaron a maioría da regulación de relevancia durante a novena legislatura (2019-2024)**, seguen sendo as tres principais forzas políticas do Parlamento Europeo, con 401 escaños.

2. Próximos pasos

As semanas seguintes ás eleccións europeas non só resultan cruciais para a formación do recentemente elixido Parlamento Europeo e para a confirmación do presidente da Comisión Europea e do seu novo Colexio de Comisarios, senón tamén para establecer as prioridades políticas que guiarán o mandato destas institucións ata 2030. Complementariamente, o Consello Europeo presentou a finais de xuño a Axenda Estratéxica 2024-2029, que orienta o traballo das tres institucións (Consello, Parlamento e Comisión Europea) para os próximos anos.



A primeira sesión plenaria do novo Parlamento Europeo tivo lugar na semana do 16 ó 19 de xullo de 2024, durante a cal se confirmou a Roberta Metsola como presidenta da Eurocámara e a Ursula von der Leyen como presidenta da Comisión Europea. Tras ser proposta como candidata polos de xefes de Estado e de Goberno o pasado 27 de xuño de 2024, von der Leyen conseguía 401 dos 360 votos precisos para a súa reelección, ó tempo que presentaba as súas orientacións políticas ata 2029.

A semana posterior á primeira sesión plenaria céntrase na formación das comisións parlamentarias, que nomearán ós seus respectivos presidentes e vicepresidentes. Despois do recesso estival (29 de xullo-30 agosto) retomarase a actividade parlamentaria coas **audiencias públicas ós comisarios propostos polos Estados membros e aceptados pola presidenta do executivo comunitario**. Será esta última quen lles asigne a súa carteira.

Nestas audiencias, que se prevé teñan lugar entre setembro e outubro, os eurodeputados verifican a validez dos candidatos para o desempeño das súas funcións como comisarios. Unha vez concluídas, o novo Colexio de Comisarios será ratificado no seu conxunto polo Parlamento Europeo. Paralelamente, a presidenta da Comisión enviará unha carta de mandato a cada comisario designado, na que se especificarán as responsabilidades, prioridades e obxectivos específicos da súa carteira.

Kaja Kallas, futurible nova alta representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade ó ser considerada como a mellor candidata para ocupar este posto polos dirixentes europeos, tamén terá que ser sometida a unha audiencia pública ante os eurodeputados. De ser esta positiva, asumirá as súas funcións xunto co resto de comisarios.

Espérase que a nova Comisión Europea comece o seu novo mandato en novembro de 2024, momento a partir do cal se agardará a publicación do seu primeiro programa de traballo. Posteriormente, o novo presidente do Consello Europeo, António Costa, comezará no seu cargo o 1 de decembro de 2024.

Ligazóns de interese

- **Noticia FGE:** *Xunta e Parlamento Europeo analizan o cambio de ciclo institucional tras as eleccións europeas*
- **Páxina web** do Parlamento Europeo. Resultado das eleccións europeas de 2024
- **Conclusións** do Consello Europeo de 27 de xuño de 2024
- **Axenda** Estratéxica 2024-2029
- **Orientacións políticas** da Comisión Europea 2024-2029